

**REUNIÓN DA COMISIÓN 4.^a,
EDUCACIÓN E CULTURA**

Día: 03.04.2014 Hora: 16:30

A Comisión 4.^a, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 3 de abril de 2014, ás 16:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia en Comisión


- 1.1 18152 (09/CPC-000111)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do secretario xeral de Cultura, por petición propia, para informar do traballo desenvolto en materia cultural, así como das próximas liñas de actuacións previstas polo seu departamento
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 230, do 04.02.2014

Punto 2. Preguntas orais en Comisión

- 2.1 16748 (09/POC-002316)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co ensino do galego para persoas adultas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 226, do 21.01.2014
- 2.2 17430 (09/POC-002479)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 2 máis
Sobre os datos referidos ao financiamento pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dos libros de texto do alumnado de ensinanza obrigatoria nos cursos 2008-2009, 2009-2010, 2010-2011, 2011-2012, 2012-2013 e 2013-2014, a valoración do estudo publicado polo Defensor do Pobo en relación á súa gratuidade, así como as intencións da consellería respecto da recuperación do programa de gratuidade de libros de texto existente noutras comunidades autónomas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 230, do 04.02.2014

Punto 3. Proposicións non de lei en Comisión

- 3.1 18923 (09/PNC-001549)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda



Ron Fernández, José Javier e Vázquez Díaz, Ramón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co expediente para a declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade e a posta en marcha dun plan de conservación, estudo e divulgación do seu patrimonio cultural e natural

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 240, do 19.02.2014

3.2

20725 (09/PNC-001637)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre a revisión dos criterios de financiamento con fondos públicos dos colexios privados

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 257, do 20.03.2014

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2014

María Soledad Piñeiro Martínez
Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Piñeiro Martínez na data 26/03/2014 13:49:31

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 4.ª, EDUCACIÓN E CULTURA** POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

María Soledad Piñeiro Martínez

P

Vicepresidente

Antonio Mouriño Villar

P

Secretario

Francisco Caamaño Domínguez

S

Vogais

Agustín Baamonde Díaz

P

Moisés Blanco Paradelo

P

María Concepción Burgo López

S

Ricardo Vicente Docasar Docasar

S

Javier Dorado Soto

P

María Dolores Faraldo Botana

P

Hipólito Fariñas Sobrino

P

Carmen Iglesias Sueiro

M

Cosme Eladio Pombo Rodríguez

BNG

Román Rodríguez González

P

Ramón Vázquez Díaz

AGE

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 03.04.2014

Hora: 16:30

Orde do día

1. Comparecencia en Comisión

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 03.04.2014

Hora: 16:30

Orde do día

1.1 18152(09/CPC-000111)



Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do secretario xeral de Cultura, por petición propia, para
informar do traballo desenvolto en materia cultural, así como
das próximas liñas de actuacións previstas polo seu
departamento

Publicación da iniciativa, 230, 04.02.2014

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia ante a comisión 4ª "Educación e Cultura" do secretario Xeral de Cultura para informar **"do traballo desenvolvido en materia cultural, así como as próximas liñas de actuacións previstas polo seu departamento."**

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excm.a. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 03.04.2014

Hora: 16:30

Orde do día

2. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 03.04.2014

Hora: 16:30

Orde do día

2.1 16748(09/POC-002316)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia
en relación co ensino do galego para persoas adultas

Publicación da iniciativa, 226, 21.01.2014



Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás actuacións que vai levar adiante a Xunta de Galiza en relación coa ensinanza de galego para persoas adultas.

O Grupo Parlamentar do BNG tense interesado a través de diferentes iniciativas no Parlamento de Galiza sobre a situación dos cursos de galego para adultos (Celga e Linguaxe administrativa e xurídica). Concretamente temos trasladado que as máis de cincocentas persoas que imparten estes cursos levan anos reclamando cambios no procedemento que xestiona o sistema de formación en lingua galega para adultos. As súas reclamacións, non só abordan a necesidade de teren estabilidade laboral e dereitos, senón tamén melloras na xestión desta formación. Esta situación ten empeorado nas últimas convocatorias, onde non só se reiteran erros, senón que se introduciron novos criterios que deixaron fóra a un importante número de persoas que viñan impartindo esta formación.

Ademais, desde o BNG tamén denunciámos no Parlamento a precariedade das persoas que imparten esta formación que traballaban sen contrato; sen posibilidade de negociar unhas retribucións que minguan ano tras ano; con inestabilidade laboral, incerteza sobre cando se vai traballar e cobrar e



imposibilidade de ter contrato con ningunha empresa para poderen dar cursos de formación. Este extremo foi negado pola propia Secretaría Xeral de Política Lingüística, porén a inspección de traballo ven de dar a razón a estes traballadores e traballadoras. Concretamente, a inspección de traballo da Provincia de A Coruña vén de recoñecer, ante unha denuncia da CIG-Ensino, a relación laboral por conta allea existente entre a Consellaría de Educación e o profesorado que imparte os cursos preparatorios do CELGA. Esta actuación da inspección implica a alta na Seguridade Social destes traballadores/as nos períodos nos que traballaron e evidencia a actuación fraudulenta da Consellaría de Educación. A Tesourería Xeral da Seguridade Social da provincia da Coruña xa deu de alta con efectos retroactivos a todos os/as traballadores/as nos períodos nos que impartiron cursos nos últimos catro anos e a propia inspección impón unha multa de máis de 200.000 euros. Esta situación tamén está denunciada na inspección de traballo de Ourense, Lugo e Pontevedra, mais todo indica que serán resolucións na mesma dirección.

Segundo teñen informado desde a CIG- Ensino, trasladaron a Secretaria Xeral de Política Lingüística as seguintes propostas:

- Dar de alta de oficio na Seguridade Social como traballadoras e traballadores por conta allea a todo o profesorado “colaborador” que impartira cursos con efectos retroactivos de catro anos (o máximo establecido na normativa actual.)
- Compromiso de que todos os novos chamamentos implicarán obrigatoriamente un contrato laboral, coa correspondente alta na seguridade social.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2013 12:24
Nº Rexistro: 16748
Data envío: 26/12/2013 12:24:50.565

- Xestión pública, con control sindical, e publicación das listaxes do profesorado, coas súas correspondentes puntuacións por apartados. Elaboración dunha nova orde, previa negociación, onde se dea resposta ás reivindicacións do colectivo e ao control das listaxes e se contemple todo o relacionado cos cursos que imparte a Secretaría Xeral.

Porén este colectivo de persoas tamén reclama cambios profundos, na oferta de ensinanza de lingua galega, elemento clave no tan necesario proceso de normalización da lingua galega. É evidente de que lado está a razón, e quen faltou a verdade en todo este proceso.

Polo dito formulamos a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en comisión:**

Que valoración fai a Xunta de Galiza das situación descrita nesta pregunta?

Ten previsto a Xunta de Galiza dar de alta de oficio na Seguridade Social como traballadoras e traballadores por conta allea a todo o profesorado “colaborador” que impartira cursos con efectos retroactivos de catro anos?

Ten previsto a Xunta de Galiza asumir o compromiso de que todos os novos chamamentos implicarán obrigatoriamente un contrato laboral?

Ten previsto a Xunta de Galiza realizar unha xestión pública e transparente, con participación sindical e publicación das listaxes do profesorado, coas súas correspondentes puntuacións por apartados?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2013 12:24
Nº Rexistro: 16748
Data envío: 26/12/2013 12:24:50.565

Ten previsto a Xunta de Galiza a elaboración dunha nova orde, previa negociación, onde se dea resposta ás reivindicacións do colectivo e ao control das listaxes e se contemple todo o relacionado cos cursos que imparte a Secretaría Xeral?

Ten previsto a Xunta de Galiza mellorar e ampliar a ensinanza de galego para adultos, ampliando e diversificando a oferta existente e coa finalidade de contribuír ao proceso de normalización da nosa lingua propia?

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2013

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 26/12/2013 12:23:29

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 03.04.2014

Hora: 16:30

Orde do día

2.2 17430(09/POC-002479)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 2 máis

Sobre os datos referidos ao financiamento pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dos libros de texto do alumnado de ensinanza obrigatoria nos cursos 2008-2009, 2009-2010, 2010-2011, 2011-2012, 2012-2013 e 2013-2014, a valoración do estudo publicado polo Defensor do Pobo en relación á súa gratuidade, así como as intencións da consellaría respecto da recuperación do programa de gratuidade de libros de texto existente noutras comunidades autónomas

Publicación da iniciativa, 230, 04.02.2014



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2014 09:30
Nº Rexistro: 17430
Data envío: 17/01/2014 09:28:49.355



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ricardo Vicente Docasar Docasar, María Concepción Burgo López e Francisco Caamaño Domínguez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

O último informe Pisa reflicte basicamente a evolución da educación en 65 países ao longo dos anos 2010, 2011 e 2012, e iso faise analizando os resultados en comprensión lectora, competencia científica e competencia matemática de rapaces e rapazas de 15 anos.

O informe Pisa mide tamén algo do que falan menos os medios de comunicación e mesmo os responsables das políticas educativas, pero que non é menos importante. Estamos a falar en concreto da “equidade” dos sistemas educativos, cuestión de grande importancia para o Grupo Parlamentario Socialista.

Un recente estudo elaborado polo “Defensor del Pueblo” falaba da importancia dos libros de texto (dos programas, axudas, préstamos e reutilización) para garantir unha real igualdade de oportunidades entre alumnado procedente de familias humildes e alumnado procedente de familias acomodadas, e moito máis, se cabe, en momentos de forte crise económica como a que estamos a vivir na actualidade.

Para o Grupo Parlamentario Socialista a “equidade” e a “igualdade de oportunidades” deben estar no corazón do sistema educativo, e consideramos que tanto no “Informe Pisa” como no estudo do “Defensor del Pueblo” estas cuestións poden estar en perigo coas “políticas austericidas” postas en marcha polos diferentes gobernos do Partido Popular, tanto en Madrid como en Galicia.

Ante todas estas circunstancias, os deputados e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2014 09:30
Nº Rexistro: 17430
Data envío: 17/01/2014 09:28:49.355



Grupo Parlamentario

1ª) Que cantidade económica foi dedicada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a financiar os libros de texto do alumnado de ensinanza obrigatoria nos cursos 2008-2009, 2009-2010, 2010-2011, 2011-2012, 2012-2013 e 2013-2014?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2.ª Cal foi o número total de [beneficiari@s](#) de axudas do citado programa nos mesmos cursos académicos, e que porcentaxe supón sobre a totalidade do alumnado matriculado no ensino obrigatorio de Galicia neses mesmos anos?

3ª) Cal foi o número de [beneficiari@s](#) do citado programa nas provincias de Lugo, Ourense, Coruña e Pontevedra que recibiron 0 €, 90 €, 104 €, 170 € e 180 € dende a posta en marcha do denominado “programa de gratuidade solidaria” polo Goberno do Sr Feijóo?

4ª) Que valoración fai a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria sobre o estudo publicado polo “Defensor del Pueblo” en relación á gratuidade dos libros de texto (programas, axudas, préstamos e reutilización)?

5ª) Está a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria disposta a recuperar o programa de gratuidade de libros de texto que existe noutras comunidades autónomas por ser máis eficiente dende un punto de vista económico que o actual programa de gratuidade solidaria existente en Galicia, tal e como se pode desprender das conclusións que figuran no estudo elaborado polo “Defensor del Pueblo”?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2014

Asinado dixitalmente por:

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 17/01/2014 09:21:29

María Concepción Burgo López na data 17/01/2014 09:21:46

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 17/01/2014 09:21:59

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 03.04.2014

Hora: 16:30

Orde do día

3. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 03.04.2014

Hora: 16:30

Orde do día

3.1 18923(09/PNC-001549)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Ron Fernández, José Javier e Vázquez Díaz, Ramón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co expediente para a declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade e a posta en marcha dun plan de conservación, estudo e divulgación do seu patrimonio cultural e natural

Publicación da iniciativa, 240, 19.02.2014

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da **ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA (EU-ANOVA)**, a través dos seus deputados **Xabier Ron Fernández** e **Ramón Vázquez Díaz**, ao abeiro do recollido no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PROPOSICIÓN NON DE LEI**, para o seu debate en **Comisión**, en relación á posta en marcha dun **plan de conservación, estudo e divulgación do patrimonio cultural e natural da Ribeira Sacra**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Parlamento de Galicia acordou avanzar na declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade da Unesco. Isto significa que a zona será declarada de especial protección para ser conservada como patrimonio común da humanidade.

Mais esta figura, de por si, non garante a preservación e mellora do estado do Patrimonio da zona, senón que precisa dunha participación activa tanto da cidadanía como da implicación real e efectiva das distintas administracións públicas comprometidas neste amplo territorio.

Esíxese un especial coidados das administracións no caso da Ribeira Sacra, pois non se trata só de centrar a atención nun monumento, nun conxunto patrimonial ou nunha única cidade, senón que falamos dun territorio que mantén un patrimonio moi variado, dunha riqueza incuestionable e que debe ser preservada, divulgada e revalorizada.

A distinción da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade non debe ser un pretexto para unha musealización mal entendida da zona: ten que ser un territorio vivo, onde as comunidades veciñais se impliquen na súa vida económica e cultural.

O territorio coñecido coa denominación “Ribeira Sacra” ten unhas singularidades paisaxísticas e culturais que a converten nunha paraxe única, tanto na súa dimensión xeomorfolóxica (os canóns do Sil e Miño; o cultivo en bancais), climática (mesturas en función dos lugares dun clima mediterráneo

cun atlántico), coma culturais, onde o patrimonio conserva as pegadas dos diferentes estadios evolutivos da nosa historia (desde o paleolítico da depresión de Lemos, os petroglifos do sur de Lugo, os castros e restos da romanización en Quiroga, Castillón, Proendos e San Vicente, ate as mostras do Barroco, pasando pola riqueza románica que se espalla por toda a Ribeira Sacra).

E, non obstante, falamos dun territorio que coñeceu o desleixo da administración pública ou, mesmo, que favoreceu a súa degradación e a conseguinte perda demográfica que afecta a toda a Ribeira Sacra.

O sobre-aproveitamento hidroeléctrico, do que se benefician as grandes empresas eléctricas, sen que nunca significase un beneficio para a poboación da zona, é unha desas circunstancias que poñen en risco a propia candidatura a Patrimonio da Humanidade se consideramos que dito sobre-aproveitamento significou a destrución de paisaxes, o asulagamento das mellores terras e o esnaquizamento das prósperas relacións entre as ribeiras.

Son tamén fonte de grande preocupación: a escasa rede de saneamento coa que se conta na zona lucense, coa conseguinte contaminación dos recursos hídricos; a excesiva contaminación fitosanitaria das terras da ribeira; o escaso apoio ao sector leiteiro; a mala e nada efectiva política de control dos lumes; a carencia de redes de transporte público; todo isto nun territorio envellecido e de baixo nivel de renda, que vé, ademais, como a súa poboación máis nova marcha da zona buscando solucionar a súa vida noutras zonas de Galicia, do Estado ou de Europa, principalmente.

Desde AGE consideramos prioritario que se procure implicar á cidadanía durante todo o proceso. En especial, a **Comisión Mixta de Execución e Seguimento** creada co convenio de colaboración subscrito entre a Deputación provincial de Lugo, a Deputación de Ourense e o Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra debe realizar un especial esforzo por implicar de forma activa a toda a sociedade civil, en especial as entidades culturais que traballan na conservación do patrimonio. De feito, a elaboración final debe contar coa participación do tecido cidadán.

Implicación da cidadanía que xa debe vir dado desde o ensino, esencial para concienciar da importancia do noso patrimonio cultural e natural, a través do desenvolvemento de unidades didácticas específicas que poñan en valor todo o espazo que abrangue a Ribeira Sacra.

Cómpre, igualmente, unha colaboración estreita coas entidades promotoras da candidatura co sector vitícola.

Estamos ante unha magnífica ocasión para adoptar o compromiso de pular pola distinción de patrimonio inmaterial galego-portugués como Patrimonio Inmaterial da Humanidade.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1) Crear todas as canles de participación do tecido social e cidadán do espazo xeográfico coñecido como Ribeira Sacra á hora de definir os valores naturais e culturais do territorio implicado na denominación de Patrimonio da Humanidade e que se incorporarán ao informe técnico previo que o ICOMOS dirixirá ao Comité da Unesco.
- 2) Elaborar dun plan, participado cos axentes sociais implicados, de defensa, preservación, restauración, divulgación e investigación do patrimonio cultural e natural da Ribeira Sacra que conte cunha cronoloxía clara de aplicación e desenvolvemento, cunha memoria orzamentaria clara e compromiso das diferentes administracións públicas implicadas no goberno da zona e que abranga, cando menos, os seguintes bens culturais e naturais:

2.1. O conxunto de petroglifos do sur de Lugo

2.2. Plan global de preservación e divulgación do Románico da Ribeira Sacra

2.3. Musealización do castro de San Vicente (Monforte) e establecemento dun obradoiro de emprego para dito proceso.

2.4. Rehabilitación de San Paio de Abeleda (Castro Caldelas, Ourense) e do Pazo Obispal de Diomondi (Saviñao, Lugo)

2.5. Restauración das pinturas murais da igrexa de San Vicente de Pinol (Sober)

2.6. Recollida da cultura inmaterial dos concellos da Ribeira Sacra

3) Elaborar unha serie de unidades didácticas sobre a Ribeira Sacra destinadas ao seu uso nas aulas dos centros educativos da zona a declarar Patrimonio da Humanidade.

Compostela, 06 de febreiro de 2014.

Xabier Ron Fernández

Deputado e Portavoz S. do G.P. da AGE.

Ramón Vázquez Díaz

Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

José Javier Ron Fernández na data 07/02/2014 12:50:35

Ramón Vázquez Díaz na data 07/02/2014 12:50:43

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 03.04.2014

Hora: 16:30

Orde do día

3.2 20725(09/PNC-001637)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre a revisión dos criterios de financiamento con fondos públicos dos colexios privados

Publicación da iniciativa, 257, 20.03.2014

O Grupo Mixto do Parlamento de Galicia, ao través da súa voceira e deputada Carmen Iglesias Sueiro, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de Lei** para o seu debate na Comisión 4ª de Educación e Cultura, relativa á **revisión dos criterios de financiamento con fondos públicos dos colexios privados**.

ANTECEDENTES:

- BOE nº 76, mércores 30 de marzo de 2011
- Lei 5/2011, do 29 de marzo, de Economía Social
- Lei 31/1990 do 27 de decembro do “Instituto Nacional de Fomento da Economía Social”

MOTIVOS:

Denomínase Economía Social ao conxunto das actividades económicos empresariais que, no ámbito privado, levan a cabo aquelas entidades que perseguen o interese colectivo dos seus integrantes (económico e social), ou sexa, as chamadas cooperativas.

Os principios orientadores destas leis sobre cooperativismo son:

- 1) Primacía das persoas e do fin social sobre o capital
- 2) Aplicación dos resultados obtidos da actividade económica, principalmente, en función do traballo aportado e servizo ou actividade realizada polas socias/os e, no seu caso, ao fin social obxecto da entidade.
- 3) Promoción da solidariedade interna e coa sociedade que favoreza o compromiso co desenvolvemento local; a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes; a cohesión social; a xeración de emprego estable e de calidade; a conciliación persoal, familiar e laboral; e a sustentabilidade.

Contrastan estes principios coa situación económico-laboral actual:

- 1) Economía mercantilista neoliberal.
- 2) Desaparición das categorías profesionais producíndose inseguridade no traballo
- 3) Facilidade para mobilizar xeográficamente ás traballadoras/es.
- 4) Aumento de incumprimento dos convenios colectivos.
- 5) Abaratamento dos despidos.
- 6) Despedimentos (crueis diríamos) por enfermidade e accidente.

“As cooperativas nacen dunha profunda toma de conciencia popular como defensa da crase traballadora ante os grandes cambios sociais orixinados pola crise económica sufrida en Europea (e Galicia en particular): transformación dunha economía pechada a unha economía de tipo mercantilista baseada no individualismo e no librecambio (...)

As condicións no traballo e os abusos aos que se ve sometido o proletariado orixinan que, ante este panorama, os grupos sociais máis desfavorecidos tenten crear os seus propios medios de produción. Queren facerlle fronte a esta situación imposta polo capitalismo emerxente con obxectivos de emancipación social e autoxestión.” FONTE: V.V.A.A: “Autoxestión Cooperativa. Manual sobre sociedades Cooperativa”.

O panorama da actualidade económica recorda moito ás orixes das cooperativas, como elemento favorecedor para o fomento da actividade de economía social fronte outros modelos de organización empresarial capitalista (S.A; S.L; etc.) e, ao mesmo tempo, unha revitalización dos lazos fraternais coas organizacións sindicais de crase.

- Con respecto ás cooperativas de ensino sostidas con fondos públicos, as devanditas cooperativas defenden un sistema laboral sólido proporcionando

ás traballadoras/es condición laborais xustas; ademáis, non son partícipes do ideario actual de reformas económicas e sociais achegándose aos sindicatos de crase, xa que as cooperativistas son as propias traballadoras/es.

- Hai que disipar a pantasma que ensombrece á escola concertada cooperativista fronte á pública debido a que comparte institución representativa (refírome á patronal) con modelos de empresa que non pertencen á Economía Social.

Por todo isto queremos instar ao Goberno de Galicia a favorecer as Cooperativas de Ensino en detrimento e fronte a outros centros privados que nin sequera están en consonancia cos valores e dereitos que propugna a Constitución (segregación por sexo e crase, rexeitamento das alumnos en perigo de exclusión e mesmo nenas/os con necesidades especiais) e, porén, os seus obxectivos son claramente monetarios e doutriniais.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Iglesias Sueiro na data 10/03/2014 13:41:38